

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, DE NOVE OFICIAIS DE 1.ª, CATEGORÍA D-13, DENTRO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN

O día 06/08/2024 ditouse o Decreto da Alcaldía co seguinte teor literal:

“(…) Decreto de nomeamento como persoal laboral fixo na convocatoria de nove (9) prazas estruturais de oficial/a de 1.ª, categoría D-13, no seo do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración conforme a disposición adicional 6.ª da Lei 20/2021.

Unha vez visto o decreto de elevación a definitivo do resultado do exame de galego, selección de aspirantes e requirimento de documentación na convocatoria de nove (9) prazas estruturais de oficial/a de 1.ª, categoría D-13, no seo do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración conforme a disposición adicional 6.º da Lei 20/2021, co seguinte teor literal:

“(…) Unha vez vista a convocatoria do proceso de selección mediante o sistema de concurso de méritos de nove (9) prazas estruturais de oficial/a de 1.ª, categoría D-13, no marco do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración ao abeiro da disposición adicional 6.ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287, do 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE n.º 2, do 03/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto da Alcaldía do 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115, do 21/05/2022.

Unha vez vista a acta do Tribunal de selección do 25 de xuño, co seguinte teor literal:

“Acta do Tribunal de selección pola que se elevan a definitivos os resultados do exame de galego e proposta de nomeamento dos/as aspirantes na convocatoria de nove (9) prazas estruturais de oficial/a de 1ª, categoría D-13, no seo do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración ao abeiro da disposición adicional 6.ª da Lei 20/2021.

Logo de reunirse a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía do 19/04/2024, na Sala de Xuntas da Casa do Concello, enténdese o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, e son as 11.45 horas, do día 25 de xuño de 2024.

Unha vez vista a convocatoria do proceso de selección mediante o sistema de concurso de méritos de nove prazas estruturais de oficial/a de primeira, categoría D13, no marco do proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración ao abeiro da disposición adicional 6.ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287, do 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE n.º 2, do 03/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto da Alcaldía do 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115, do 21/05/2022.

Unha vez vista acta do Tribunal de baremación definitiva do 11/06/2024.

Unha vez vistos os resultados provisionais das probas de galego realizadas o día 20/06/2024.

Procédese a desenvolver a sesión coa seguinte orde do día.



- 1) Elevación a definitivos dos resultados da proba de galego.
- 2) Proposta de nomeamento dos/as nove (9) aspirantes con maior puntuación.
- 1) Elevación a definitivos dos resultados da proba de galego

Unha vez vistos os resultados provisionais das probas de galego realizadas o día 20/06/2024, e tras ver que non se presentaron alegacións, quedan elevados a definitivos os resultados da proba de galego seguintes:

Aspirantes	DNI	Resultado da proba de galego
José Antonio Gómez Feijoo	***7678**	Apto
Carlos Otero Marra	***4196**	Apto

- 2) Proposta de nomeamento dos/as nove (9) aspirantes con maior puntuación.

De conformidade coa base novena das que rexen a convocatoria na que se refire expresamente: “Unha vez concluída a valoración de méritos, o Tribunal publicará no taboleiro electrónico do concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras realizar a correspondente proba de galego de ser preciso, elevará ao órgano competente a proposta de nomeamento dos/as aspirantes seleccionados/as en número non superior ao de prazas convocadas”, mediante esta, o Tribunal de baremación, por unanimidade dos seus membros, proponlle ao órgano competente o nomeamento dos/as nove primeiros/as aspirantes seleccionados/as con maior puntuación, que son os/as seguintes:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/ máxima servicios	Puntuación total/ máxima formación	Puntuación total
***8722**	Benjamín Alonso Rodríguez	90	10	100
***2278**	Josefa López Rodríguez	90	10	100
***7678**	José Antonio Gómez Feijoo	90	10	100
***3491**	Alfonso Santiago Bolaño	90	10	100
***1741**	María Karina Pérez Rodríguez	90	10	100
***0949**	Celso Cerredelo Marra	90	10	100
***4196**	Carlos Otero Marra	90	10	100
***0800**	Elvira Garrido Rodríguez	73,9	10	83,9
***6397**	Josefa Rodríguez Bailón	20,5	10	30,5

(...).”



Resolvo:

1) Sinalar que os/as aspirantes seleccionados/as no proceso de estabilización de emprego para a cobertura de nove (9) prazas de oficiais de primeira, categoría D-13, serán, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección na acta do 25 de xuño do 2024, os/as seguintes:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/ máxima servicios	Puntuación total/ máxima formación	Puntuación total
***8722**	Benjamín Alonso Rodríguez	90	10	100
***2278**	Josefa López Rodríguez	90	10	100
***7678**	José Antonio Gómez Feijoo	90	10	100
***3491**	Alfonso Santiago Bolaño	90	10	100
***1741**	María Karina Pérez Rodríguez	90	10	100
***0949**	Celso Cerredelo Marra	90	10	100
***4196**	Carlos Otero Marra	90	10	100
***0800**	Elvira Garrido Rodríguez	73,9	10	83,9
***6397**	Josefa Rodríguez Bailón	20,5	10	30,5

2) Advertir os/as aspirantes seleccionados/as que, para efectuar o seu nomeamento como oficiais de primeira (persoal laboral fixo), será necesario achegar, no prazo de vinte días naturais, a documentación recollida na cláusula décimo primeira das bases xerais reguladoras do proceso de estabilización, que é a seguinte:

- Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

- Certificado médico que acredite a capacidade funcional do/a aspirante para o desempeño das tarefas habituais da praza.

Asemade, deberán achegar no mesmo prazo outorgado, a tarxeta da Seguridade social e o n.º de conta bancaria.

3) Advertirlles que non poderán ser nomeados/as persoal laboral fixo os/as aspirantes que, dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non presenten a documentación anteriormente referida ou cando do exame desta se deduza que carece dalgún dos requisitos esixidos.

4) Informar desta resolución o Plenario municipal.”

Unha vez visto que todas as persoas aspirantes seleccionadas presentaron a documentación requirida en prazo.



Resolvo:

1. Contratar como persoal laboral fixo para cubrir as 9 prazas de oficial/a de primeira, categoría D13, convocadas no seo do proceso de estabilización do Concello de Xinzo de Limia, as persoas aspirantes que a continuación se relacionan:

DNI	Apelidos e nome
***8722**	Benjamín Alonso Rodríguez
***2278**	Josefa López Rodríguez
***7678**	José Antonio Gómez Feijoo
***3491**	Alfonso Santiago Bolaño
***1741**	María Karina Pérez Rodríguez
***0949**	Celso Cerredelo Marra
***4196**	Carlos Otero Marra
***0800**	Elvira Garrido Rodríguez
***6397**	Josefa Rodríguez Bailón

2. Comunicarlle ás persoas aspirantes seleccionadas que deben acudir a formalizar a correspondente contratación como persoal laboral fixo para o cal deberán presentarse no Departamento de Persoal do Concello no prazo de dez días naturais, que contarán desde a publicación deste decreto na sede electrónica, sen prexuízo da publicación no BOP.

3. Notificarlle este decreto ao Departamento de Persoal e á Asesoría Laboral do Concello de Xinzo de Limia.

4. Publicar esta resolución no BOP para o coñecemento xeral.

5. Indicar que o réxime de recursos é o seguinte:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente o recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao de recibir a presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao de recibir a presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito. (...)"

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 2520

